

BASES SORTEO “XANTAR OU CEA PARA DÚAS PERSOAS FEIRA DE NADAL 2025”

BASE 1ª.- ORGANIZADORA

Concello de Outes con CIF nº P1506300A e domicilio social en Rúa da Vila, 1 – 15230 Outes ten previsto realizar un sorteo que se desenvolverá segundo o establecido nas seguintes bases.

BASE 2ª - DATAS

O sorteo realizarase o día 14 de decembro de 2025 ás 18:00 h. na urna que disporá o Concello na carpa situada na Praza do Bosque onde se celebra a FEIRA DE NADAL.

BASE 3ª - ÁMBITO DO SORTEO

O ámbito do sorteo será municipal (Concello de Outes).

BASE 4ª - DESTINATARIOS DO SORTEO

O sorteo está dirixido aos/as clientes que fagan compras nos comercios e nos postos da FEIRA DE NADAL, obtendo unha rifa para por cada compra que realicen.

BASE 5ª - MECÁNICA DO SORTEO

Os/as participantes poderán conseguir un xantar ou cea para dúas persoas en calquera restaurante do Concello de Outes.

A mecánica para optar ao premio será a seguinte:

Os/as participantes deberán facer unha compra (a contía para obter a rifa a marcará cada negocio) en algún dos locais presentes na FEIRA DE NADAL, no mesmo momento o comercio facilitaralle unha rifa que deberá cubrir cos seus datos persoais: nome, apelidos e teléfono de contacto. Esta rifa deberá de depositarse antes das 18:00 h do día 14 de decembro nunha urna que estará situada na carpa que o Concello de Outes instalará na Praza do Bosque.

Poderase participar con tantas rifas como compras se vaian realizando.

BASE 6ª - PREMIOS



O premio a sortear será dun xantar ou cea para dúas persoas valorada en 100 €. Só poderase trocar o premio nun restaurante pertencente ao Concello de Outes.

Para ter dereito ao premio será necesario informar da elección do restaurante ao Concello de Outes cunha antelación de 3 días para que o Concello poda poñerse en contacto co local onde vaia a realizarse o xantar ou cea.

O anuncio do premio realizarase o día 14 de decembro ás 18:00 h. na carpa da Praza do Bosque, procederase a sacar unha rifa, en caso de que a persoa premiada non se atope no lugar de FEIRA DE NADAL nese momento, será avisada por teléfono o día 15 de decembro de 2025.

BASE 7ª - DEPOSITO DE BASES E MODIFICACIÓNS

As bases do sorteo serán publicadas na web municipal do Concello de Outes.

BASE 10ª - EXCLUSIÓNS

Queda expresamente excluída de esta promoción calquera persoa que sexa empregado municipal ou teña relación directa co Concello de Outes.

Así mesmo, os menores de 18 anos quedan excluídos desta promoción.

E para que así conste e en proba de conformidade, subscríbese o presente documento en Outes a 11 de decembro de 2025.

